

Xuntanza SPG – Sur de Pontevedra.

Arcos, 6 de febreiro 2015.

Dase comezo a xuntanza facendo unha breve presentación das persoas asistentes, xa que hai xente que se achega por primeira vez.

Asisten a xuntanza: Galo de Horta fresca tenda ecolóxica, Antía productora de Cesta fresca, Marío i Hernando, apicultores de Pontearreas, Ricardo e Begoña de Horta do Val, Javier da horta da Aldea cooperativa, Nelson i Eva de Tres en cunca, produtores e comercializadores de froita ecolóxica, Diana de Ecoenvio, Uxío de Veigha do Palheiro, Belén de Horta do Cadaval, Roberto de Koala e Anxeles do grupo de alimentación DesPensa.

Se lles pregunta aos novos asistentes se están interesados en darse de alta na rolda de correo e se anotan os seus contactos para facelo.

Orde do día:

1. Debate dos documentos de certificación setoriais.

(incluídos os de Horta e grupos de consumo, que aínda teñen questions abertas).

2. Debate do Regulamento Interno.

3. Roteiro: comprobación das etapas e modificacións.

4. Ideas e propostas para outros temas.

1. Debate dos documentos de certificación setoriais.

- Apicultura.

Se lee a proposta de Apicultura feita por Anxeles, que se prestou voluntariamente a elaborar este documento sen ter moita información.

Se plantexa o feito de que para ter o selo do CRAEGA de apicultura ecolóxica na comarca sur de Pontevedra, é case imposible debido ao criterio da kilometraxe, xa que as abellas poden pecorear ata 3 km ao redor, e se esixe que os cultivos nese área estén libres de agrotóxicos, de transxénicos, lonxe de liñas de alta tensión, de infraestructuras, ... circunstancias difíciles de conquistar nesta zona.

Polo que se abre o debate de se neste caso, decidimos ser menos escrupulosos que o CRAEGA nas condicións, xa que moitos apicultores que fan un bo traballo quedarían fóra do selo.

Se fala da posibilidade de traballar na mellora do manexo, e un complemento a unha produción limpa, de facer unha valoración do entorno xeográfico, do tipo de terreo, da posibilidade de implementar os cultivos que atraen aos polinizadores, de facer análise de presenza de tóxicos no mel...

Este tema queda aberto e pendente de seguir debaténdose, xa que finalmente se lles propuxo aos apicultores presentes que valorasen a proposta feita por Anxeles e a reescriban en función do seu coñecemento do mundo das abellas, e daquelas cuestións que eles consideran claves para a certificación.

Este documento deberíamos telo no prazo dun mes para posteriormente volver a debatilo.

- Pequeno comercio.

Galo lee o documento que elaborou xunto con Cándido en torno aos criterios de certificación para o pequeno comercio.

Xurde o debate en torno a se é de obrigado cumprimento ou non, o feito de que habendo produción local dun produto se oferte tamén o mesmo produto de fóra, na mesma tenda.

Despois de debater en torno a esta cuestión, se decide que será de obrigado cumprimento que se hai produción local se oferte, pero tamén poderá ofertar éste mesmo produto de fóra, xa que non serán criterios excluínates.

Se valorará positivamente a información ao consumidor que en torno a este tema se faga.

No terceiro punto de se valorará positivamente “ que a actividade do comercio se centre exclusivamente na venda de produtos ecolóxicos, avalados por sistemas de garantía...” se acorda que aínda que sería desexable éste non será de obrigado cumprimento, polo que se retiraría “exclusivamente”.

Valoramos tamén a cuestión do pacto de prezos entre os produtores/as, e acordamos que éste é un tema moi importante no que é fundamental contar coa opinión dos consumidores/as, e que haberá que artellar este debate mais adiante.

2. Regulamento Interno.

Neste punto cuestiónase como se van tomar as decisións e se o consenso é o mellor sistema, debido a falla de participación.

En xeral prefírese un proceso de consenso na toma de decisións, pero fálase de poñer as condicións para aclarar que persoas deciden o consenso e o lexitiman.

Hai que establecer cal é a obrigaón mínima de participación, e así poder delimitar o número de persoas que participan do consenso

Propónse que este consenso se faga entre a xente que está na lista, que teña participado nalgunha xuntanza, incluída a asemblea fundacional que se fará. Só as persoas que están na lista de correo poderán participar da asemblea fundacional.

Se incluirá a asistencia telemática para posibilitar a participación .

Concluimos valorando facer unha assemblea para saber quen son as persoas, colectivos, tendas,... que están participando deste proceso no que o primeiro punto sexa, cómo se toman as decisións?.

Os puntos 3 e 4 da Orde do día non foron abordados por falla de tempo.

Se acorda que a vindeira xuntanza será o venres 27 de marzo en Porriño as 19:00 h, no seu defecto fárase de novo en Ponteareas no local de Arcos.